

1572 - Outro berro de Münch

Unha ruleta xirou. Este é o frecuente pensamento que ronda pola miña cabeza. Unha ruleta que determinou o meu futuro, a finalidade da miña desgraciada vida e o rumbo que levaría nela.

A xente parece que está conmovida pola miña situación. O que penso eu é que simplemente o fan por cortesía. É o que somos as persoas, almas sen rumbo dominadas polo aplastante pensamento da sociedade. Que saberán os vivos do caos que goberna o mundo no que vivo?

Ola, ELA. Non saudaba a ninguén, saudaba á miña enfermidade.

Diagnosticáronma desde ben pronta idade e, desde que teño uso de razón, non recordo que tivera un só día semellante ás persoas que me rodean.

Non teño lembranzas coma as outras persoas de facerse dano, viaxar polo mundo, descubrir novas cousas ou sequera a sensación de acariñar o chan cos meus pés. Pasei de soñar con pisar a lúa a que a vida me pisara.

Para a miña familia son coma unha planta dentro dunha bóla de cristal, fráxil e incapaz de nada.

Sempre imaxinei a vida dunha forma un pouco peculiar. Cavilo en que é unha gran montaña, con verde pasto na súa faldra. Logo, esa montaña alcanza o seu cume. Despois, lentamente baixa ata que de modo irremediable un se atopa coa esperada morte.

Mais a miña existencia é completamente diferente. O meu verde pasto é inexistente e a montaña que tiña que subir para logo baixar derrumbose estrondosamente, deixando escombros espallados por todas partes e unha dexeneración irremediable en min.

Unha cadeira de rodas converteuse na miña mellor amiga. Si, un anaco de ferro cuberto de plástico negro e con dúas rodas nos laterais volveuse no único apoio emocional do que verdadeiramente dependía. Minto, ultimamente teño novos amigos imaxinarios que comparten comigo este mundo putrefacto no que moro: unha Santa Compañía á que pronto me unirei definitivamente. Certo é que non concibo outra vida.

Por desgraza, non podo cambiar nada. Por máis que haxa persoas que buscan un remedio para casos coma o meu non poden conter o avance do horror e todo se volve un berro de Münch, outro berro de Münch. Cando naces é coma se che entregasen unha guía, anunciando una vida sen problemas nin dificultades. Moitas veces imaxino que estou encerrado nunha cúpula, vendo como os demais si que recibiron o que a guía anunciaba; mentres que eu sigo esperando a que ese cristal que me rodea se rompa.

O que máis mágoa me dá é que, polo cruel destino as miñas extremidades serán inútiles e contar a miña historia quedará en mans doutros.